



Estimado/a conveciño/a,

Dende o Concello de Bergondo estase a facer especial fincapé no seguemento dos vertidos de augas residuais directamente ao medio ao estar prohibidos segundo os artigos da lexislación vixente que se citan a continuación:

- O artigo 100 do Real Decreto Lexislativo 1/2001 polo que se aproba o Texto refundido da Lei de Augas define no seu apartado 1) o vertido como *“(...) los que se realicen directa indirectamente en las aguas continentales, así como en el resto del dominio público hidráulico, cualquiera que sea el procedimiento o técnica utilizada. Queda prohibido, con carácter general, el vertido directo o indirecto de aguas y de productos residuales susceptibles de contaminar las aguas continentales o cualquier otro elemento del dominio público hidráulico, salvo que se cuente con la previa autorización administrativa.”* .
- A lei 9/2010 de augas de Galicia tamén estipula no artigo 81 que *“Queda prohibido efectuar cualquier tipo de vertido de residuos a las aguas de las rías de Galicia, excepto cuando estos sean utilizados como rellenos y estén debidamente autorizados, una vez constatada la ausencia de afección a la calidad de las aguas dede acuerdo con lo previsto en el anexo II de la presente ley”*.

Queda prohibido por tanto, calquera vertido directo ou indirecto ao medio de augas residuais, entendendo como tales as augas residuais domésticas (xeradas principalmente polo metabolismo humano e as actividades domésticas como lavadoras, fregadeiros, duchas etc), as augas residuais non domésticas (procedentes de calquera actividade industrial, agrícola ou gandeira) e as augas residuais urbanas (considerada como a mestura das dúas anteriores así como con augas de escorrentía pluvial).

Nos próximos meses farase unha inspección nos distintos lugares e parroquias de Bergondo (todos os núcleos de poboación e todas as parroquias) co fin de detectar calquera vertido de augas ao medio (ría, ríos, regatos, cunetas, camiños...) é de ser o caso, solicitaremos a Augas de Galicia a apertura dun

procedemento sancionador. O artigo 88 da Lei 9/2010 establece as seguintes sancións segundo o grado de afección do vertido, que poden ser:

- Infraccións leves: multa de ata 30.000 euros.
- Infraccións graves: multa de ata 300.000 euros.
- Infraccións moi graves: multa de ata 600.000 euros.

O artigo 7 do Decreto 141/2012 establece no apartado 7 do artigo 7 a distancia a partir da cal é obrigatoria a conexión á rede de saneamento municipal, sendo esta de 50 metros. Recordámoslle que, de ser o caso, debe facer a solicitude da acometida nas oficinas do Servizo Municipal de Augas (Viaqua) onde lle poderán informar previamente se a súa vivenda está incluída dentro da distancia citada anteriormente.

No caso de non ser posible a conexión ao servizo de saneamento municipal lembrámoslle que deberá dispor de foxa séptica e proceder ao baleirado da mesma coa frecuencia necesaria. Dito baleirado deberá ser realizado sempre por unha empresa autorizada, entre as cales está a concesionaria do servizo municipal de augas (Viaqua). Neste caso deberá solicitalo directamente na oficina ou ben chamando ao 981 79 46 24.

Coidar de Bergondo e do medioambiente é responsabilidade de tod@s. Máis aló do deber inescusable que o Concello ten de velar por estas cuestións, como cidadáns debemos implicarnos tamén a este respecto. Daí que a colaboración cidadá resulte fundamental, tanto a nivel do que cada un de nós temos que revisar e corrixir no noso (de ser o caso) como á hora de informar no Concello acerca daquilo que poidamos ver no noso entorno inmediato e sabemos positivamente que é un vertido non admisible ao medio. Nunha palabra, o que solicitamos de vostedes é COLABORACIÓN.